



CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

14-15 de abril do 2018

III DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INXUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 n° 82 A Cristo cantamos

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos coma comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Como fai oito días compartimos con Xesús a mesa; e a nosa vida cambia. Déixanos un saúdo de Paz e non como unha palabra fermosa á que recorrer en caso de conflito. Máis ben como un convencemento fondo sobre o que asentar o noso comportamento cada día, como unha forma de estar no mundo, tamén no medio dos inevitables conflitos da condición humana, e dicimos isto tendo moi en conta o que está sucedendo en Siria nestas últimas horas.

Pascua quere ser unha invitación a paz como saúdo de Xesús Resucitado, paz entre nós os que compartimos a súa mesa, paz coa humanidade doente que busca nova vida, paz coa comunidade crente que escoita as Escrituras, e paz cos que comparten o que teñen para comer e vivir.

Que a celebración que agora comezamos sexa para nós seguir vivindo a Pascua.

ACOLLIDA DA AUGA

Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante esta auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser exemplo de optimismo e ilusión, queremos deixarnos bendicir coa vida coa que Deus nos agasalla.

Achegámonos e renovamos o noso confiar en Deus santiguándonos coa auga ou co xesto da aspersión

♪ n° 81 *(pode cantarse A auga do Señor)*

Celebrante Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa pola alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante rematamos a primeira parte da celebración orando, presentando a Deus as nosas preocupacións, tamén os nosos conflitos, medos e frustracións.

(silenzo)

Deus de eterna misericordia, que se alegre sempre o teu pobo ao verse anovado e rexuvenecido no espírito. Fai que os que agora nos alegamos por ter recobrada a dignidade de fillos e fillas, poidamos agardar con esperanza certa o día glorioso da resurrección, por Cristo, Noso Señor.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante Nestes días da pascua somos invitados a superar as dúbidas e medos. Os textos que agora proclamamos vannos amosando a necesidade de facer as cousas mellor.

Coma cristiáns estamos convidados a deixarnos levar da man do Resucitado, sendo testemuñas da Boa Nova: é Pascua, e Cristo faise vivo no medio de nós para facernos testemuñas da súa PAZ. Escoitemos.

No Leccionario B páxina **PRIMEIRA ECTURA**
LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

♪ *n° 3 Unha xuntanza de amor* **SALMO**

(en pé) No Leccionario B páxina **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO EVANXEO DE SAN LUCAS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silenzo para acoller a palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixámonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo e proclamamos coas nosas voces o que pregoamos na celebración da vixilia pascual

♪ **SI, CREEMOS**

Monitor/a

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima coas súas mans abertas e cheas de tenrura?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre disposto a acoller e a dar unha man para mellorar a vida dos demais?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo máis acolledor, que nos alenta forza para berrar ante as inxustizas, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en comunidade, dando unha man para facer do mundo e da natureza fogar coidado no que todos os homes e mulleres son respectados?

SI, CREEMOS

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante *Irmáns e irmás, saiamos ao encontro con Deus e con Cristo Resucitado, recemos dicindo*

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

- Pola Igrexa, para que mostremos a Xesús Resucitado dende unha actitude de achegamento, diálogo e respecto, valorando sempre o positivo de todas as persoas, culturas e pobos, oremos
 - Polas nosas comunidades, que sexamos persoas de paz, sementadores de esperanza, para así sermos quen de mostrar o amor de Deus con palabras e con feitos cribles, e non con ritos baleiros, oremos.
 - Por todos nós, para que sexamos xentes de optimismo e de esperanza no medio dun mundo, como en Siria, ferido de morte e desesperación, oremos
 - Para que descubramos no compartir a mesa do resucitado a alegría da vida nova, oremos.
 - Pola nosa parroquia e pola comunidade d'Os Cotos, para que esta Pascua nos converta a ser igrexa festiva e anunciadora do gozo, oremos
- Celebrante* *Quédate, señor, connosco, cando anoitece na nosa vida e as sombras da noite nos asustan, quédate con nós, ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante O Noso Pai, co que imos orar agora é un recordatorio permanente de que podemos ir a Deus pola nosa conta. El acóllenos, El conta con nós, El espera de nós o mellor para cada día. Da man do seu fillo Xesús, recemos como nos aprendeu

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante O camiño da vida se nos descubre como camiño para toparnos con Cristo Resucitado, que nos saúda coa paz. A sinceridade do noso xesto dará a medida da calidade do noso encontro con Deus.

Démonos a paz coma irmáns, nun berro calado por todas as persoas que non poden hoxe vivir en paz.

CANTO ♪ n° 36 *Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que valem. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.

CANTO ♪ n° 58 *Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Pai santo,
temos compartido a mesa do teu Fillo
e nos dispoñemos a voltar á nosa vida de cada día,
que saibamos dar razón da nosa esperanza
a todos os que topemos no camiño da vida,
por Cristo noso Señor.

Con Xesús Resucitado queremos poñer LUZ de vida na nosa comunidade, no noso rural, coas nosas xentes, aínda que nos parezan poucas e maiores.

Con Xesús Resucitado queremos ser AUGA viva que farta as sedes de xustiza de todas as persoas que non son respectadas por pensar, crer ou vivir diferente.

Con Xesús Resucitado queremos ser PAN compartido arredor da mesa que nos fai comunidade, facéndonos cribles en Os Cotos e para toda a Igrexa.

Que o Señor da PAZ, o RESUCITADO, nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)